



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia medieval universal

Materia	Historia medieval universal			
Código	004G740V01318			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Pérez Rodríguez, Francisco Javier			
Profesorado	Pérez Rodríguez, Francisco Javier			
Correo-e	fjperez@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición	Coñecemento e comprensión dos caracteres específicos da sociedade medieval entre os séculos IV ao XV xeral			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia.	
Coñecemento dos conceptos principais da Historia xeral ou universal.	
Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado.	
Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna.	
Elaboración de traballos básicos e de iniciación	

Contidos

Tema	
1.- Alta idade media (ss. IV-X)	1.1. Introducción á idade media 1.2. Do imperio romano ao carolinxio 1.3. O imperio bizantino 1.4. Nacemento e expansión do Islam
2.- Plena idade media (ss. XI -XIII)	2.1. Organización e expansión do occidente europeo 2.2. As transformacións do imperio bizantino 2.3. Compartimentación do Islam
3.- Baixa idade media (ss. XIV-XV)	3.1. Crise e recuperación da Europa occidental 3.2. Os cambios nas mentalidades europeas 3.3. O espazo político baixomedieval

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	1	2
Lección maxistral	22	22	44
Eventos científicos	2	2	4
Traballo tutelado	12	48	60
Saídas de estudo	3	3	6
Seminario	3	0	3
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	12	14

Observación sistemática	2	4	6
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	8	10
Traballo	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión orientada a presentar a materia, tomar contacto co alumnado e reunir información sobre as súas competencias, motivacións e intereses
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia por parte do profesor e presentación das liñas básicas para o desenvolvemento das actividades relacionadas coa mesma
Eventos científicos	Horas reservadas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Traballo tutelado	Elaboración e presentación de traballos feitos polo alumnado de forma individual ou en grupo
Saídas de estudo	Saída de estudo co obxecto de amosar unha institución, espazo ou monumento relevante da historia medieval
Seminario	Seguemento e aclaración de dúbidas sobre os contidos da materia así como supervisión do traballo autónomo do alumnado en relación coa mesma

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Seguemento e atención individualizada do alumnado tanto na aula, no despacho, na aula Campus Remoto, correo electrónico ou TIC, coa intención de resolver os problemas e dúbidas que poidan xurdir no estudo e comprensión dos contidos da materia, preparación de traballos, resolucións de problemas, probas de avaliación, etc
Seminario	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, metodoloxía utilizada para a realización dos exercicios e revisión das probas da avaliación. O seguemento farase a mediante os seguintes recursos: Todo o alumnado: curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo). Docencia presencial: seguemento na aula e seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: aula Campus Remoto (enlace en MooVi)

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas de desenvolvemento	Avaliación mediante unha proba ao rematar as sesións teóricas con preguntas abertas a desenvolver sobre temas ou cuestións da materia. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento dos conceptos principais da Historia xeral ou universal. Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia. Para aprobar a materia no seu conxunto será preciso obter un 5 nestas probas.	40	
Observación sistemática	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado mediante a súa participación na realización e presentación de tarefas propostas na plataforma moodle . Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia. Coñecemento dos conceptos principais da Historia xeral ou universal.	10	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliaranse os coñecementos e destrezas adquiridos polo alumnado nos seminarios sobre exposicións, comentarios, etc. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado. Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna.	20	
Traballo	Avaliaranse os coñecementos teóricos adquiridos polo alumnado na realización e estruturación do traballo así como a súa capacidade de exposición. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Elaboración de traballos básicos e de iniciación.	30	

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos

seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (DLE-RAE).

Para todo o alumnado especificaranse en MooVi as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

Todo o alumnado matriculado na materia ten dereito a *dispor como alternativa de probas de avaliación global* (artigo 64.g dos Estatutos da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación contínua, examinaranse de todo o programa da materia, o cal deberán preparar a partir da bibliografía básica sinalada. Asemade, deberán realizar obrigatoriamente un traballo práctico ou bibliográfico relacionado coa materia, o cal será comunicado ao profesor responsable con anterioridade ao remate das sesións presenciais e entregado na data do exame final. Dito exame constará dunha proba de resposta curta e un comentario de texto. A nota final repartirase entre as tres probas do xeito seguinte: proba de resposta curta: 40%; comentario de texto: 30%; traballo: 30%.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

García de Cortázar, J.A. e Sesma Muñoz, J.A., **Manual de Historia Medieval**, Alianza, 2008

Ladero Quesada, M.F. e López Pita, P., **Introducción a la historia del occidente medieval**, Ramón Areces, 2009

Bibliografía Complementaria

Álvarez Palenzuela, V.A. (coord.), **Historia Universal de la Edad Media**, Ariel, 2002

Donado Vara, J. e Echevarría Arsuaga, A., **La Edad Media: siglos V-XII**, Ramón Areces, 2009

Donado Vara, J. Echevarría Arsuaga, A. e Barquero Goñi, C., **La Edad Media: siglos XIII-XV**, Ramón Areces, 2009

Mitre Fernández, E., **Textos y documentos de época medieval (análisis y comentario)**, Ariel, 1992

Echevarría Arsuaga, A. e Rodríguez García, J.M., **Atlas histórico de la edad media**, Ramón Areces, 2010

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Historia moderna universal/O02G251V01402

Historia medieval da Península Ibérica/O02G251V01503

Historia medieval de Galicia/O02G251V01907

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Historia antiga universal/O02G251V01303

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase a través da plataforma Moodle (<http://moovi.uvigo.es>) documentación detallada sobre desenvolvemento das actividades do curso. Por esta razón os estudantes deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.